



A Asociación Galega de Sumilleres convoca a vixésimo oitava edición do Campionato Galego de Sumilleres.

O certame é o evento máis importante dos sumilleres galegos, proba selectiva para representar a Galicia no Campionato oficial de España de Sumilleres organizado pola Unión de Asociacións Españolas de Sumilleres (UAES).

O concurso Mellor Sumiller de Galicia está organizado en exclusiva pola Asociación Galega de Sumilleres AGASU, a única recoñecida por UAES e ASI dentro de Galicia e a única que pode presentar concursantes ao campeonato nacional.



Establécense para ó efecto as seguintes **Bases:**

1.- PARTICIPANTES: Poderán participar tódolos profesionais relacionados co servizo do viño, e tódolos alumnos que acrediten estudos de hostalaría aceptada por Agasu. Poderán participar sumilleres Galegos con formación ou traballo dentro ou fora de Galicia así como xente de calqueira procedencia que desenrole e acredite a súa actividade dentro de Galicia.

Tódolos participantes teñen que ser membros da Asociación Galega de Sumilleres (AGASU), e estar ao corrente de pago, requisito imprescindible para participar e representar a Galicia no Campionato oficial de España de Sumilleres (UAES).

A participación no concurso leva implícita a aceptación de ditas bases.



2.- PROBAS: O Campionato desenvolverase en dúas fases: semifinal e final. O xurado, á vista das puntuacións obtidas por cada un dos participantes na fase de semifinal, decidirá o número de finalistas que non serán nunca nin menor de tres nin maior de seis.

Fase de semifinal: constará de dúas probas:

1a.- Cuestionario de 50 preguntas acerca de temas relacionados coa profesión. Os participantes disporán dun tempo máximo de 60 minutos. A valoración desta proba corresponderalle un 60% da puntuación total. As preguntas serán:

5 de Viticultura, 5 de elaboración e enoloxía, 24 de Xeografía vitivinícola (8 de Galicia, 8 Nacional e 8 Internacional), 6 de servizo e protocolo e 10 sobre outros produtos.

2a.- Cata escrita. Descrición organoléptica e ficha de cata de dous produtos. Para a realización desta proba disporán dun tempo máximo de 25 minutos. A valoración desta proba corresponderalle un 40% da puntuación total.

Sumadas as puntuacións obtidas por cada candidato



establecerase a clasificación da fase semifinal, pasando á fase final os que acadaran as puntuacións máis altas.

Vestimenta Os concursantes terán que ir debidamente uniformados durante todas as probas, incluídas as escritas. Os concursantes poderán participar co seu uniforme de traballo habitual.

En ningún caso está permitido o uso de jeans, ropa deportiva ou similares, camisetas con ou sen publicidade, calzado deportivo ou similares.

As cores da vestimenta serán en todo caso neutras e elegantes.

O uniforme recomendado consiste en:

- Pantalóns ou saia negros
- Camisa branca ou negra
- Chaqueta negra (americana ou francesa)
- Zapatos negros



Fase final: constará de catro probas:

1a.- Identificación de produto. Cada participante terá que identificar tres produtos en copa, facendo una descrición de cata falada onde unha das descricións sexa feita en inglés ou francés. Disporán de 9 minutos.

2a.- Carta errónea. Corrección dunha carta de viños con erros introducidos voluntariamente polo Comité Técnico/Xurado. Para a realización da proba disporán de 5 minutos.

3a.- Maridaxe e venda. Sobre un menú fixo cada finalista disporá de 10 minutos para recomendar os viños cos que maridar os pratos que compoñen o menú, argumentando a súas recomendacións. Poderán ofrecer calquera tipo de produto para acompañar o menú, incluíndo en todo caso, como mínimo, un viño galego.



4a.- Decantación. Cada participante terá que decantar un viño tinto e servilo nun tempo máximo total de 5 minutos.

Sumadas as puntuacións obtidas por cada un dos finalistas establecerase a clasificación definitiva.

5a.- Pregunta. Durante o desenvolvemento da final someterase ao participante a unha pregunta de carácter teórico para probar a templanza do mesmo e a súa concentración durante o servizo.

6a.- Proba sorpresa. Haberá unha proba sorpresa relacionada co servizo, (apertura e servizo ecumoso, perfect service, audiovisual, montaxe de mesa etc...) 5 minutos de tempo para a proba.

7a Estilo. Un xurado de estilo avaliará a imaxe persoal, o comportamento e profesionalidade do concursante durante a final.



3.- INSCRICIÓN: A inscrición inclúe:

- Dereito a participar no campionato.

Os candidatos poderán inscribirse no campionato remitindo por correo electrónico á dirección **concursosumilleresdegalicia@sumilleresgalicia.org**, antes do 19 de febreiro de 2024, a seguinte documentación:

- Ficha de inscrición **TOTALMENTE CUBERTA** e firmada.
- Copia Currículum Vítae.
- Foto con calidade suficiente para a súa reprodución nos soportes gráficos de difusión da convocatoria.



O número de candidatos participantes do campionato e de un máximo de 50 que serán inscritos por orde de rexistro de chegada da documentación COMPLETA de participación. En caso de ter mais inscricións haberá unha semifinal previa que constará de unha proba teórica de 50 preguntas.

4.- LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN. O campionato celebrarase en Vigo, no **Instituto CIFP Manuel Antonio** Av. de Madrid, s/n, 36214 Vigo, Pontevedra.

Os participantes deberán presentarse o día **Mércores 21 de Febreiro de 2024, ás 9:00 horas**, uniformados co obxecto de verificar a inscrición e a identidade antes do inicio da proba.

5.- XURADO: O presidente de AGASU presidirá o concurso con voz e voto de calidade. O xurado estará composto por expertos de recoñecido prestixio do ámbito vitivinícola, pertencentes ás principais asociacións de sumilleres, empresas especializadas, colectivos de relevancia, así como outros profesionais do servizo e expertos divulgadores e serán escollidas polo comité técnico de AGASU..



6.- PREMIOS:

Primeiro Clasificado e Campión de Galicia de Sumilleres 2024. Optará a representar a Galicia no Campionato Oficial de España de Sumilleres (UAES). Recibirá un diploma acreditativo como Sumiller Campión Galego 2024, ademais doutros agasallos.

Segundo Clasificado e Subcampión de Galicia de Sumilleres 2024. Optará a representar a Galicia no Campionato Oficial de España de Sumilleres (UAES). Recibirá un diploma acreditativo como Sumiller Subcampión Galego 2024, ademais doutros agasallos.

Terceiro clasificado do Campionato Galego de Sumilleres 2024. Recibirá un diploma acreditativo como Sumiller Terceiro Clasificado 2024.

Finalistas do Campionato Galego de Sumilleres 2024, recibirán un diploma acreditativo como Sumilleres Finalistas 2024.

Resto de participantes: Diploma acreditativo de participación.



ARTÍGO FINAL: As decisións do xurado son inapelables.

Os candidatos aceptan expresamente este regulamento polo feito de participar. A resolución de dúbidas, interpretacións e decisións non contempladas no Regulamento que procedan, dependerán exclusivamente da decisión do XURADO.

Así mesmo, autorizan expresamente á utilización da imaxe/fotos e datos dos participantes e candidatos para fins de publicidade e difusión relacionados co campionato.